

Primaria

# Ciencias Sociais 3

Programación

## Unidade 5

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliábeis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

A atmosfera e a hidrosfera.

### Descrición da unidade

Nesta unidade didáctica introduciremos o alumnado no estudo das partes do noso planeta que lle dan a súa singularidade dentro do sistema solar, a atmosfera e a hidrosfera, pois non se coñecen ata o momento outros astros que teñan estes dous elementos (aire e auga).

- Dada a singularidade que outorgan ao noso planeta ambos os dous elementos, deberemos concienciar o alumnado no respecto e coidado tanto do aire coma da auga dos que gozamos, iniciando así o concepto de contaminación como elemento distorsionador da vida no presente e no futuro do noso planeta.
- Traballaremos a composición da atmosfera tanto química coma estrutural en referencia á altura. Incidiremos na importancia que ten a atmosfera na vida no noso planeta, comezando así o concepto de contaminación do aire.
- Posteriormente, analizaremos os fenómenos atmosféricos que se producen e iniciaremos o alumnado na ciencia meteorolóxica, resaltando a súa importancia para a prevención na actuación de moitas actividades humanas.
- A continuación, afondaremos na presenza da auga no planeta nas súas distintas formas, localizacións e na súa importancia na vida dos seres vivos, continuando co concepto de contaminación, esta vez, da auga.
- Deterémonos no ciclo da auga, valorando o papel que desempeñan tanto a auga coma o aire na configuración da Terra.

### Temporalización:

Febreiro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e apreciar a singularidade, dentro do sistema solar, da atmosfera e da hidrosfera (aire e auga) do noso planeta.
- Concienciar o alumnado no respecto e coidado tanto do aire coma da auga dos que aínda gozamos, para iniciar o concepto de contaminación como elemento distorsionador da vida no presente e no futuro do noso planeta.
- Coñecer a composición da atmosfera tanto química coma estrutural en referencia á altura. Incidir na importancia que ten a atmosfera na vida no noso planeta, comezando así o concepto de contaminación do aire.
- Analizar os fenómenos atmosféricos que se producen e iniciar o alumnado na ciencia meteorolóxica, resaltando a súa importancia para a prevención e planificación na actuación de moitas actividades humanas.
- Coñecer a presenza da auga no planeta nas súas distintas formas, localizacións e na súa importancia na vida dos seres vivos, continuando co concepto de contaminación, esta vez, da auga.
- Coñecer o ciclo da auga, valorando o papel que desempeñan tanto a auga coma o aire na configuración da Terra.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A atmosfera da Terra: composición e partes da atmosfera; a importancia da atmosfera; protexamos a atmosfera, a súa contaminación.</li> <li>• Os cambios na atmosfera: os fenómenos atmosféricos, a meteoroloxía.</li> <li>• A hidrosfera terrestre: a súa composición e importancia; a protección da hidrosfera, a súa contaminación.</li> <li>• A incesante viaxe da auga na Terra: o ciclo da auga.</li> </ul>	1. Identificar os gases que forman o aire, explicando algunhas características de cada un deles.	1.1. Explica a composición básica do aire e identifica os gases que o forman e algunhas características de cada un deles.
	2. Identificar as partes da atmosfera e como varía esta en altura.	2.1. Coñece como a atmosfera varía coa altura e describe feitos e características das zonas que se aprecian nela.
	3. Coñecer a importancia da atmosfera e a necesidade de protexela.	3.1. Coñece a necesidade de protexer a atmosfera da contaminación.
	4. Identificar e nomear fenómenos atmosféricos, describindo as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.	4.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos. 4.2. Describe as causas que producen a formación de nubes e precipitacións.
	5. Valorar a importancia da meteoroloxía como ferramenta de predición do tempo.	5.1. Coñece o importante valor da meteoroloxía como instrumento de predición do tempo.
	6. Describir as formas en que se encontra a auga na natureza e as paisaxes que forman.	6.1. Define hidrosfera e identifica e nomea acumulacións e cursos de auga.
	7. Coñecer a importancia da hidrosfera e a necesidade de protexela.	7.1. Coñece a necesidade de protexer a hidrosfera da contaminación.
	8. Coñecer o ciclo da auga na Terra, o seu continuo movemento e os cambios naturais que experimenta.	8.1. Describe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
	9. Valorar a importancia do aire e da auga, e desenvolver estratexias para reducir ou evitar a súa contaminación e para aforrar auga.	9.1. Elabora un esquema coas posibles causas da contaminación atmosférica e a contaminación das augas. 9.2. Respecta o medio ambiente e coñece e asume pautas para reducir a contaminación.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Explica a composición básica do aire e identifica os gases que o forman e algunhas características de cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
2.1. Coñece como a atmosfera varía coa altura e describe feitos e características das zonas que se aprecian nela.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
3.1. Coñece a necesidade de protexer a atmosfera da contaminación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
4.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
4.2. Describe as causas que producen a formación de nubes e precipitacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
5.1. Coñece o importante valor da meteoroloxía como instrumento de predición do tempo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proxecto proposto na PD.</li> </ul>
6.1. Define hidrosfera e identifica e nomea acumulacións e cursos de auga.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> </ul>
7.1. Coñece a necesidade de protexer a hidrosfera da contaminación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
8.1. Describe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas do LA.</li> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> </ul>
9.1. Elabora un esquema coas posibles causas da contaminación atmosférica e a contaminación das augas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> <li>• Tarefas do LA.</li> </ul>
9.2. Respecta o medio ambiente e coñece e asume pautas para reducir a contaminación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> <li>• Tarefas do LA.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Le de xeito comprensivo o texto «Vai se chegaron as chuvias!», así como os diferentes contidos e tarefas desenvolvidas na unidade, de forma individual e colectiva.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.	Resolve problemas matemáticos aplicados á vida cotiá relacionados co consumo responsable de auga.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Usa e manexa táboas, gráficos e imaxes para a recollida de información relacionada cos fenómenos atmosféricos e a predición do tempo.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Aplica os contidos e aprendizaxes relacionadas co consumo responsable de auga e a limpeza do aire.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Ten capacidade para presentar ideas visualmente, crear imaxes mentais, percibir detalles visuais, debuxar e confeccionar esquemas mentais.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Conciénciase e pon en práctica normas de aforro de auga.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Desenvolve o sentido do gusto e a estética á hora de realizar o cartel sobre o ciclo da auga.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: A atmosfera e a hidrosfera

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos a lectura inicial no LA e a interpretación de imaxes coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas despois da lectura no LA e completamos con actividades da PD.

### Tarefa 2: A atmosfera da Terra

- Introducimos o concepto de atmosfera e a súa composición coas suxestións metodolóxicas da PD e a través do LA.
- Coñecemos as capas da atmosfera no LA, suxestións metodolóxicas da PD.
- Identificamos a importancia da atmosfera e a súa contaminación e interpretamos gráficos no LA, suxestións metodolóxicas na PD e actividades interactivas do LD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD e completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 3: Os cambios na atmosfera. Tempo e clima

- Introducimos o concepto de fenómeno atmosférico coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos tipos de fenómenos atmosféricos no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Identificamos os fenómenos atmosféricos no LA.
- Coñecemos a importancia da meteoroloxía no LA, suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD e completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 4: A hidrosfera terrestre

- Identificamos as principais formas de presentación da auga no LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos a diferenza entre augas superficiais e subterráneas a través do LA.
- Coñecemos a importancia da hidrosfera nos seres vivos e os efectos da súa contaminación a través do LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD e completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 5: A incesante viaxe da auga na Terra

- Identificamos as zonas de distribución da auga na Terra no LA.
- Coñecemos o ciclo da auga a través do LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD e completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 6: Tarefas / Competencias

- Traballamos a tarefa competencial «Construímos instrumentos meteorolóxicos» proposta no LA seguindo as orientacións metodolóxicas da PD.

- Traballamos «Que auga bebemos?» como propón a tarefa competencial do LA seguindo as orientacións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades que propoñen as tarefas competenciais do LA e completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

#### **Tarefa 7: Que aprendemos?**

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## **7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a formulación de debates, lecturas compartidas, xogos por equipos, actividades en parella, pequeno e gran grupo, etc.
- Activación da curiosidade científica e investigadora nos rapaces e nas rapazas coa tarefa «Construímos instrumentos meteorolóxicos».
- Activación, tamén, da curiosidade científica e investigadora do noso alumnado coa tarefa «Que auga bebemos?» para coñecer como é o proceso de potabilización da auga.
- Traballo reflexivo sobre a contaminación da auga, para comprender a importancia de evitar a contaminación da auga da Terra.
- Traballo do ciclo da auga e da viaxe que realiza no apartado «A incesante viaxe da auga na Terra».
- Realización dun sinxelo experimento para entender mellor as formas nas que se presenta a auga: os tres estados da auga.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Manuais, enciclopedias e material complementario do mural o mapamundi simple.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolina, pinturas e lapis de cores ou ceras...

#### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.

- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?